



“A ollada da xeración estafada”

A propósito da nova novela de Agustín Fernández Paz

Por Rosa Carrera

Moito tardaches!” Esta frase, que lles espeta a pantasma do seu pai a Gabriel Lamas dá pe á última novela de Agustín Fernández Paz, coa que este autor se estreia na narrativa para adultos. Non obstante, estamos ante un escritor con moitos anos de oficio e un dos novelistas máis lidos, vendidos, premiados e traducidos da literatura galega, ben coñecido entre o público infantil e xuvenil de todo o estado (foi Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2008, dous libros seus figuran na Lista de Honra do IBBY e na Lista The White Ravens e este anos foi escollido candidato español ao Premio Andersen, considerado o Nobel da narrativa infantil).

Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) achéganos agora “Non hai noite tan longa” (Edicións Xerais de Galicia, 2011), unha obra na que un suceso familiar – a condena inxusta ao cárcere do pai do protagonista e que provocara a súa morte – serve de fio para presentarnos dúas sociedades, a Galicia de principios dos anos 70, cando Gabriel Lamas marcha a París, e a Galicia de 2002, á que regresa para axustar contas cun pasado que non pode fuxir.



Trátase duna novela honesta, na que se fai autocrítica de moitos aspectos da nosa sociedade e que Fernández Paz fai fluír cunha prosa áxil e un estilo e unha trama que entran de cheo no xénero da novela negra, con numerosas referencias literarias, históricas e cinematográficas. A primeira clave dánola a propia portada do libro: a imaxe de Rosa Parks, a primeira muller negra que se negou a ceder o asento no autobús a un branco, fotografía que, segundo confesa o escritor, para el é unha auténtica icona. Un misterio cun inicio shakespeariano que se resolve, aínda que o libro queda cun final aberto. Xa se prepara a súa tradución e unha segunda edición.

Tras desta novela hi un traballo intenso de documentación.

Partín de libros que están na rede, do Consello da Cultura, interesantísimos sobre a emigración galega en París, a emigración política e a outra. Tamén documentais sobre o campo de concentración de Francia (Argelès-sur-Mer) onde foron varar os exiliados españois tras a Guerra Civil. Hai moita documentación, moitos testemuños de xentes que estiveron alí e que aínda que non saian na novela están ahí.

“Non hai noite tan longa” é a historia dunha xeración, de galegos que marcharon fóra e dos que quedaron aquí.

Marcharon moitísimos por diversos motivos. Consultei a un amigo que estivo en París e me contou onde se xuntaban alí os exiliados e os non exiliados, onde ligaban coas españolas, que estaban de criadas a maior parte delas. Lin El Ruedo Ibérico (cadernos da editora creada en París por un grupo de exiliados) que tamén aparece no libro. A propia novela, coa documentación que tes, márcache o ritmo. Logo hai que face coma os cineastas, que rodan horas de película e despois teñen que darlle forma no proceso de montaxe.

Aínda que a súa literatura distínguese por afastarse dos cánones considerados tradicionais na literatura infantil e xuvenil, formulouse esta novela de xeito distinto por ser para adultos?

Fíxena igual cás outras, procurándo facer a novela da miña vida, que é como o intento sempre. Cando o borrador estivo lexible foi cando o editor planteou a posibilidade de sacala en edición de adultos. E desta vez díxenlle que sí. Era unha experiencia nova e quería ver se cambiaba a recepción crítica.

Pesa nos editores á hora de catalogar as obra a ausencia de escenas eróticas? Existe ese pensamento de que a xente nova son anxos sen sexo?

Creo que non, porque ten saído novela xuvenil en Xerais con bastantes máis elementos eróticos dos que aparecen nesta novela. Máis ben creo que trato un tema que afecta a unha xeración de cincuenta e tantos anos. Ten unha carga xeracional que tamén lle está a chegar a xente máis nova. O obxectivo do libro era axustar contas co pasado. Fumos estafados e eu isto o levei moi mal. Fun estafado cando se nos negaban películas, libros e música tal como eran. Agora miro esas películas, como Un tranvía llamado deseo, sin censuras e cabréome. E peor foi para as mulleres.

Iso queda reflectido na persoa de Milucha, a ex noiva de Gabriel.



Si. Conta moi ben o que supuxo para a muller toda aquela época de represión. Iso cóntanmo as amigas da miña xeración, que tamén fixeron a súa aportación, xa que o que di Milucha é tal cual. O de "Madre Inmaculada, antes muerta que manchada" mo dixo unha amiga miña; era o que lle decía o cura nos exercicios espirituais. Era unha represión no sexo que a xente de agora non se pode imaxinar.

Galicia, nas dúas sociedades que nos presenta o libro, non sae moi ben parada.

Nas vilas e aldeas sempre houbo unha gran presión social. Quedan as historias familiares, o 'de quen ves sendo' e a mentalidade de asociar o cemento ao progreso fronte ao campo. Por outra banda, quixen mostrar, por medio de unha pequena desgraza familiar, o que foi a represión desa época e que o mal que poden facer as persoas pode estar en casos aparentemente pequenos coma este.

Emprega o estilo da novela negra. Sentiuse cómodo no xénero?

Parecíame axeitado porque na boa novela negra, na novela negra clásica, a trama serve para retratar o panorama social. A intención era enganchar ao lector ao mesmo tempo que se mostra a realidade social.

E despois de todo o que acontece no libro, hai esperanza?

Está Milena (a sobriña de Gabriel Lamas). Representa a esperanza nas novas xeracións. Este libro escribiuse antes do 15-M e eu estou seguro de que Milena estaría acampada. Esta non é unha xeración perdida, como dixo algún organismo. Eu teño fe nela.

"A verdade doe pero fainos libres"

Agustín Fernández Paz publica 'Non hai noite tan longa', a súa primeira novela nunha colección para adultos

Un día calquera de 2006, a Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) veulle á cabeza a imaxe dun espectro que se dirixe a seu fillo para dicirlle: "Moito tardaches". Aquela "idea potente", a do aparecido que viña pedir algo, xa non o deixou en paz mentres empezaba a trazar esquemas, segundo o proceder habitual do escritor nos primeiros pasos dun libro futuro. A comezos de decembro do ano seguinte, Fernández Paz enceta en Biarritz un caderno novo, amarelo como sempre, e



dun tirón enche varias páxinas cunha historia que, provisoriamente, chama *Fantasmas*. Neses apuntamentos xa están definidos, como eixes temáticos do relato e que se manterán durante todo o proceso, o remorso dun fillo que quixo esquecer o pasado e un drama persoal e familiar que cómpre vingar, en certo modo, para procurar o descanso dos vivos e dos mortos. Velaí o cerne de *Non hai noite tan longa* (Xerais, 2011), acabada de saír do prelo.

O título está tirado dunha pasaxe de *Macbeth*, e tamén hai aires de *Hamlet* e de *Ulises* no protagonista, Gabriel Lamas, quen, á idade simbólica dos 50 anos, retorna á súa aldea natal, Monteverde, o lugar do que fuxiu, coa intención de non volver nunca máis, en 1969. Parece levado por unha forza semellante á da muller da fotografía da capa, Rosa Parks, a costureira de Alabama cuxo pequeno grande acto de xustiza individual, pois sendo negra negouse a lle ceder o asento no autobús a un branco, tivo un papel detonante no Movemento polos Dereitos Cívís nos Estados Unidos de América. "Identifícome con esa forma de cambiar a sociedade", revela, ollando de esguello o retrato de Parks pendurado no salón da súa casa en Vigo, agasallo de Rosa Aneiros.

O discurso une o sentimento de culpa persoal e o estigma da familia co retrato dun país cambiado e mais a evocación dunha época de miseria moral espellada no franquismo. No Souto da Reboreda, o enclave natural idílico no que o destino da familia toma rumbo fatal, apenas quedan castiñeiros. *Non hai noite tan longa* é unha novela negra, inzada de referencias literarias, cinematográficas e sociais contemporáneas ás personaxes nun esforzo de verosimilitude contado con axilidade e detalle, as marcas *da casa*. O propio Fernández Paz liquida tamén unha débeda, que lle ronda desde antes de *Corredores de sombra*, a novela que se inicia coa descuberta dun esqueleto entre as paredes do pazo de Vilarelle: "É abrir unha fosa, un axuste de contas coa miña xeración; non podemos esquecer o que nunca se soubo. Aínda hoxano seguimos alucinando cos roubos dos nenos". Explica Gabriel Lamas: "A verdade doe, pero tamén nos fai máis libres. O delito prescribe, pero a indignidade non".



Tertulias Literarias

Os berros infantís acadan a estancia chea de libros, películas e música, as fontes das guías secretas que introduce nos libros, a xeito de política de lectura persoal que demanda dos poderes públicos, aos que acusa, en cambio, dunha deliberada estratexia do bonsai, "cortar as pólas que estaban medrando de máis". Proceden dun colexio co que este profesor retirado desde 2008, o ano do Premio Nacional de Literatura Xuvenil por *O único que queda é o amor*, comparte patio de veciñanza. "Hoxe hai festa nas aulas", comenta quen co seu nome bautiza bibliotecas; o mesmo que vén de recibir a distinción do colectivo Redes Escarlata "por representar a dignidade de Galicia coa súa renuncia ao Premio da Cultura Galega da Xunta, acto que supón unha censura a unha política inimiga da nosa lingua".

Se como escritor carece de porta de saída para lectores de todas as idades, como membro de movementos renovadores da escola galega, os seus saberes, baseados no traballo en equipo e na estimulación da imaxinación dos nenos a partir da experiencia persoal, seguen sendo levados á práctica polas xeracións de educadores que el contribuíu a formar. Interesado nun público xuvenil ao que decote dignifica nos seus textos, "porque os que facemos isto en Galicia estamos construíndo un lectorado en galego", a edición deste novo froito da súa "literatura de fronteira" por primeira vez nunha colección "para adultos" supón un experimento de recepción: "A ver que tal funciona, aínda que xa pasou con outros libros meus noutros idiomas que tiveron aceptación".

Cabo dun feixe de rotuladores de cores, ao seu alcance ten *Indignádevos!*, de Stéphane Hessel: "Alédame este despertar social da mocidade; o meu temor é que quede en pouco". Antes de rematar a conversa, o escritor recorda algo de súpeto. Vai cara ao estante na procura dun libro de poemas e le a *Loa da dialéctica*, de Brecht. "Aquel que estea perdido, que loite! / Quen poderá conter a quen coñece a súa condición? / Pois os vencidos de hoxe son os vencedores de mañá / e o endexamais muda en hoxe mesmo".

Consentemento e resistencia

Agustín Fernández Paz retrata a miseria moral da sociedade das últimas décadas do franquismo en "Non hai noite tan longa", a súa primeira novela non editada nunha colección de Literatura Infantil e Xuvenil



A miseria moral dunha sociedade hipócrita, clasista e demasiadas veces sumisa ante o poder, a das últimas décadas do franquismo. Pero tamén os xeitos de resistencia, a loita por preservar a dignidade nun medio hostil, o da ditadura. Son alicerces de "Non hai noite tan longa", (Xerais), a última novela de Agustín Fernández Paz.

A novela conta o reencontro de Gabriel, o protagonista, co seu pasado, coa historia da súa familia. Pero máis que nada parece que o obxectivo da novela é retratar o que en varias ocasións se define como "miseria moral" daquela sociedade...

O libro ten unha historia que vertebra o que se quere contar, pero do que se trata é de botar unha ollada crítica, moral, sobre a época na que a miña xeración era nova, nos anos 60. E esa é unha das regras da boa novela negra clásica. Dashiell Hammett desenvolve unha trama nas súas novelas, pero en realidade estanos falando de cuestións como a corrupción.

Pero considera o seu libro unha novela negra? Exemplo desa miseria moral que retrata é como se condena socialmente as mulleres violadas...

É unha obra con elementos de novela negra. Esa indagación moral, sobre todo, e xa non só o feito de que haxa unha investigación sobre un caso, o do pai do protagonista, encarcerado por un delito que non cometera. Houbo moitas mulleres coma Berta, violada e obrigada polos seus propios pais a calar, a ocultalo, porque se as culpaba dese acto de violencia de xénero dicindo que eran "lixeriras de cascos" e ese tipo de cousas.

O libro olla a abusos de poder como o dos gardas civís que torturan para sacar falsas confesións. En varias ocasións parece aludir a cousas que pasaron, e que seguen a pasar na actualidade...

A novela contrapón dúas épocas, a de cando Gabriel era mozo, e a época máis actual, o 2002. A intención era reflexionar, si, sobre aquela época, pero tamén sobre o tempo presente.

Na traxectoria da familia de Gabriel, anarquista e republicana, pode recoñecerse a de moitas...

GRUPO A



Tertulias Literarias

O azar, que é moi potente, trouxo nos últimos días ás miñas mans dous libros, *Éxodo* de Silvia Mistral e outro de Xesús González Gómez, que falan sobre os republicanos que se exiliaron en Francia, acabaron nun campo de concentración, ou se uniron ós maquis... Documenteime moito para escribir este libro. As historias de vida teñen puntos en común...

O obxectivo de Gabriel é restaurar a dignidade de seu pai, porque "a dignidade non prescribe". E dalgún xeito reconcíliase co seu pobo.

Gabriel actúa por mandato de seu pai, que se lle apece despois de morto. O lector pode interpretar que é unha pantasma, ou que unha trasposición da mala conciencia, do sentimento de culpa de Gabriel por ter abandonado a súa familia. A ferida non era só da súa familia, era del, que comeza tendo unha visión moi aceda sobre o seu pobo, para despois evolucionar cara a unha óptica máis comprensiva. Ve que houbo vítimas, e xente que se deixou ir, consentidores como di a historiadora Ana Cabana...

Cita vostede, de feito, a esta historiadora e o seu traballo sobre o consentimento, e a resistencia como a outra cara do mesmo.

Cito a Ana Cabana e a outros. Non citei todo o que lin para escribir esta novela porque non viría a conto, prefiro a técnica dos escritores anglosaxóns que escollen unhas poucas referencias. Gabriel fuxira do seu pobo, cheo de xenreira polo que lle estaban a facer a seu pai. E decidira non volver nunca, de feito non o fixera en trinta anos, ata que lle morre a nai. Cando volve, decátase de que hai todo tipo de xente, coas súas debilidades, e que tamén houbo moita xente que resistiu como puido. E foi así como foi, na ditadura, en Galicia e en toda España.

Xunto a Gabriel hai personaxes secundarios importantes...

Os personaxes secundarios son moi importantes nas miñas novelas. Moitas veces quedo con ganas de darlles máis vida, pero se o fíxese a novela descalabrariáase. Nesta novela podería falar moito máis sobre Berta, ou sobre Milucha. A través da segunda falo sobre a represión sexual das mulleres, da que ela puido liberarse, ó contrario de moitas outras...

O Fonsito tamén é un personaxe interesante, aínda que só aparece ó final da novela. Supoño que non é casualidade que sexa de clase alta.

Non quixen facer unha novela de bos e malos, hai unha ambigüidade consciente coa que lector se ten que manexar. Non quixen deixar todo atado e ben atado. O lector ten que deducir por que o pai de Gabriel acaba no cárcere, que fallou. E, si, quixen retratar a connivencia das clases altas co franquismo, e a impiedade que chegaban a acadar. Familias que manteñen a súa posición na escala social ata a actualidade. Eu creo que a novela pode retratar unha época mellor que o documental ou un libro de historia.



Tempos de ignominia

Por Armando Requeixo

Con *Non hai noite tan longa*, Agustín Fernández Paz achégase ás estremas. Un seu xeito de narrar – ben característico, por certo – amosa aquí acabado compendio, pois non poucos dos sinais de identidade da súa escrita recente alcanzan agora máximo relevo.

O papel capital da memoria, as mancaduras que as sombras do pasado abren na pel avellentada dos que viviron tempos de ignominia teñen nesta novela cumprida voz nunha historia de historias, un lenzo de palabras que se configura como viaxe odiseica, baixada aos infernos e absurdo procesual. O que aquí lentorece na traxedia é o sangue dos espectros shakesperianos, o urro témero do príncipe dinamarqués.

A traizón, o engano e, sobre todo, a culpa, son os poderosos sentimentos que moven os fíos argumentais deste drama de final catártico: un mozo galego, emigrado a París hai trinta anos cando seu pai fora encarcerado, regresa para enterrar a súa nai; de volta á casa matriarcal, o fantasma do seu pais aparéceselle e demándalle atención, polo que, logo dunha delicada investigación dos feitos que levaron a aquel ao presidio e posterior falecemento, acaba por desvelar que fora inxustamente acusado dun delito nefando que non cometera.

GRUPO A



Tertulias Literarias

O mellor da prosa de Fernández Paz reside no dominio estrutural, no acaído da progresión narrativa e, tamén sí, na mestría, na caracterización de ambientes e personaxes, que conseguen crear un admirable retrato da Galicia vilega de finais dos 60 e primeiros 70 nese territorio metonímico de Monteverde, a Vilalba do autor literaturizada, particular Comala onde os ventos dunha inxustiza poeirenta de outrora reviven na ferida dos remorsos covardes dalgúns dos personaxes do presente.

Logo, que Fernández Paz por veces abrace solucións de didactismo discutible na súa necesidade ou que algúns dos personaxes se fagan un tanto incríbles pola súa capacidade lectora a idades ben temperás son extremos que talvez teñan que ver cunha proxección autorial abondo marcada. Agora ben, que se detecten na novela certas inconsistencias cronolóxicas e algúns trasacordos referenciais non son senón probas evidentes do desacerto das tres persoas que revisaron os sucesivos borradores da obra con fin de evitalos, persoas ás que agradece a súa axuda nun capítulo final o autor.

Fonda, intensa e reveladora, *Non hai noite tan longa* é unha aldrabada ás consciencias, un espazo creativo para a indagación moral, no que a memoria macelada dos devanceiros espectraliza e clama pola xustiza – e por que non se esqueza – dende o peitoril do ultramundo.

Fontes:

<http://xerais.blogaliza.org/files/2011/06/Agustin1.pdf>

http://www.elpais.com/articulo/Galicia/verdade/doe/fainos/libres/elpepuespqal/20110527elppal_17/Tes

Suplemento "Saberes" (La Opinión A Coruña, 11 de xuño de 2011)

<http://www.galiciahoxe.com/mare/gh/consentemento-resistencia/idEdicion-2011-06-13/idNoticia-678342/>

Biblioteca Central Rialeda
Avenida Rosalía de Castro 227 A
15172 – Perillo (Oleiros)
Tfno.: 981 639 511
Fax: 981 639 996

Email: biblioteca.rialeda@oleiros.org

Blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/>

GRUPO A